

CONVENIO COMERCIO ALIMENTACIÓN OURENSE

3ª MESA : “O DÍA DA MARMOTA”



A patronal non só vén coa mesma proposta da reunión anterior, senón que nos empraza a que rebaixemos as nosas propostas: Tempo perdido.

⚠️ Para empeorar as cousas: Ao acabar a reunión, sen previo aviso e malia termos acordado unha nova reunión para a próxima semana:

👉 Convocan unha mediación no Consello Galego de Relacións Laborais

✉️ E envían unha carta ao persoal falando da nosa "falta de diálogo" e que "xeramos crispación e conflito".

🗣️ **Desde CCOO dicimos que:**

Crispación é:

❌ Non entender que o persoal de Ourense merece as mesmas condicións salariais e sociais que o doutras provincias.

Falta de diálogo é:

👤 Non propoñer solucións

🔔 Facerse o xordo cando o persoal de Ourense está a dicir:

👋 "BASTA" de ser sempre o último vagón de cola

📦 Á excesiva carga de traballo

🔄 Á polivalencia

💰 Cobrar o salario mínimo interprofesional mentres fan o mesmo traballo que os seus compañeiros e compañeiras da Coruña ou Pontevedra.

💵💵💵 E todo isto nun sector cun nivel de resultados económicos que roza o ESCANDOLOSO!

👊 Se queren evitar crispación e conseguir diálogo real... É moi doado: Hai que repartir equitativamente o beneficio.

23.04.2025